

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os trasnos Trubincos



Sabemos dos trasnos Trubincos polo libro de **Rafael Quintía Pereira** “**Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas**”, onde nos conta:

“En Salcedo atopamos unha particular variedade de trasno que vén facer fincapé na riqueza que ten Galicia en seres míticos. Refírome ós Trubincos, e deles faloume o Sr. Juan Piñeiro, da Cancela. Os Trubincos son unha caste de trasnos propios do Nadal. Estas criaturas amigas do enredo e de remexe-las cousas, baixan pola cheminea na noite de Noiteboa e se na casa non se teñen preparadas unas piñas con brea para darlles de agasallo fanche trasnadas e revólvenche todo no fogar”.

A ilustración para o libro citado é obra de **Francisco Sutil**

BIBLIOGRAFÍA

Rafael Quintía Pereira □ Património Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas □, Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA), 2014.